

Les para saber
A CIENCIA

Charlas científicas e obradoiros dirixidos a nenas e nenos, a partir de 10 anos, adolescentes e público en xeral

Lugar: Biblioteca Central Rialeda. Perillo
 Horario: 18.30 h.

CATALOGO DO FONDO BIBLIOGRÁFICO <http://catalogo-bibliografico.xunta.gal/>
 Visita o noso blog: <http://bibliotecasdeoleiros.blogspot.com>
 Síguenos en Twitter @biblioleiros

Bibliotecas Públicas Municipais
 Ponte Nacional María Melhar 2911

Museos Científicos Coruñeses
 UDciencia
 UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Concello de Oleiros
www.oleiros.org

Ola, son **Francisco Armesto** e o 22/03/2019 estarei en **Rialeda** coa charla titulada **“Imos experimentar”**

Nesta sinxela guía podes consultar algúns libros que a biblioteca seleccionou para ti relacionados cos experimentos!!!

“10 xperiments kn ¡¡¡Pelos!!!” de Francisco Armesto e outr@s

Divertidos experimentos elaborados polo noso experto e 3 investigador@s máis para poñernos os pelos de punta de emoción e coñecementooooo!!!




“Ciencia mágica en el baño” de Richard Robinson


Facer trucos e experimentos con obxectos cotiáns é marabilloso! Neste caso poderemos practicar con xabón, auga, papel hixiénico, etc. para, por exemplo, facer aparecer mensaxes secretas nun espello...

“¡Nos divertimos con la ciencia!” de Àngels Navarro

28 experimentos que poderás facer con materiais ao teu alcance. Queres facer un teléfono, un globo que non explota ou una noria? Coa axuda do profesor Eureka, vas conseguilo!



Consulta máis títulos sobre este tema nesta [ligazón](#)





DVD "Aprende experimentos con Pap"

Coñecer o mundo que nos rodea é máis apaixonante a través da experimentación. Presentamos catro dos cinco DVD que constitúen esta interesante colección que nos guiará na elaboración dun volcán caseiro, plástico biodegradable, un megáfono con material reciclado, pompas de xabón, reloxo de área, etc.

"La casa de los pequeños exploradores" de Joachim Hecker

Libro moi interesante que estrutura cada experimento nunha serie de apartados que corresponden ao "antes", o "durante" e o "despois" de cada un deles, precedidos dunha breve narración introductoria. Despois da súa lectura, quererás ser un-una explorador-a máis!!!



¿Por qué la araña no se queda pegada a la tela?" de Robert Matthews

Por que as viaxes de ida se fan máis longas que as de volta? Que fai que o sangue se vexa azul baixo a pel? Que capacidade de memoria ten o noso cerebro? Por que non podemos facernos cóxegas a nós mesm@s? As respostas a estas e a moitas máis cuestións, neste interesante libro.

"Los diez experimentos más hermosos de la ciencia" de George Johnson

Dez momentos clave da historia da ciencia que protagonizaron Galileo, Newton, Galvani, Pavlov, Michelson, Millikan (entre outros) e que cambiaron a nosa mirada sobre o funcionamento da vida e o mundo.

LOS DIEZ
EXPERIMENTOS
MÁS HERMOSOS
DE LA CIENCIA
George Johnson

